

Á atención do sr. Alcalde-Presidente o Concello de Chantada

## RECLAMACIÓNS DE POR CHANTADA-CUP AO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2018 (SC 2/2018, EXP. G-745/2018).



Antom Fente Parada con enderezo a efectos de notificación en [cupchantada@gmail.com](mailto:cupchantada@gmail.com), voceiro do grupo municipal **Por Chantada-CUP** e membro do órgano colexiado que aprobou o Suplemento de Crédito 2/2018, tendo votado en contra do mesmo na sesión plenaria ordinaria do día 09/07/2018 **EXPOÑO**:

### 1º) LEGITIMACIÓN.

En sesión ordinaria do Pleno do Concello de Chantada aprobouse no punto 5º o *Suplemento de crédito 2/2018* (Expediente 745/2018), doravante SC 2/2018, co voto contrario do noso grupo municipal. Publicado o anuncio do SC 2/2018 no BOP de Lugo nº 163, correspondente à terza-feira 17 de xullo de 2018, co seguinte teor literal:

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 09/07/2018 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 24/2018 baixo a modalidade de suplemento de crédito 02/2018 con cargo ao remanente de tesourería para indemnización, por importe de 630.406,65 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días , da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais , na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo , que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia , poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O acordo impulsouse cos votos favorábeis de Inta (6), a abstención do PP (2) e os votos contrarios dos grupos Por Chantada-CUP (1) e socialista (3) tendo previamente o Pleno rexeitado a votación nominal, a petición do noso grupo ao abeiro do artigo 102.2 do ROF, con idéntico resultado. Remitindo no debate plenario o alcalde ao pleno xudicial, acreditamos que debemos esgotar a vía administrativa na salvagarda dos intereses colectivos da viciñanza do Concello de Chantada.

Entendemos, portanto, que, como membro de pleno dereito do órgano colexiado que adoptou o acordo e tendo votado en contra do mesmo e até solicitado a votación nominal, denegada polos votos da maioría de Inta, debe terse en conta o presente recurso ao acordo adoptado, como mellor proceda en dereito, e ser resolta polo órgano competente ao interperse dentro do período legalmente establecido e na debida forma, para alén de estar amparado pola base 12ª do Orzamento 2018 definitivamente aprobado tamén na sesión ordinaria do 17 de xullo.

## **2º) ANTECEDENTES E EXPLICACIÓN CRONOLÓXICA ATÉ O ACORDO ACTUAL.**

O 18/12/2018, desde Por Chantada-CUP interpuxemos *Reclamación en trámite de exposición pública de expedientes de Suplemento de crédito 02/2016 e 03/2016*. Na mesma faciamos un percorrido por todo o proceso, na enésima tentativa fracasada de abonar a custa do erario público a totalidade dos máis de 600.000€ en facturas nulas de pleno dereito onde, a xuízo do noso grupo, hai indicios de fraccionamento e incumprimento grave da lexislación vixente en materia de contratación público, derivándose, se así for, responsabilidades penais e patrimoniais que deben ser dilucidadas.

Polo seu interese reproducimos aquí a parte expositiva da susodita reclamación:

PRIMEIRO.- Que con data de 18 de xaneiro de 2016, na sesión ordinaria do pleno celebrada na vila de Chantada, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal Inta e os votos en contra dos restantes grupos municipais (PSOE, PP e Por Chantada-CUP) foi acadado acordo de aprobación inicial de expediente de suplemento de crédito 01/2016 por importe de 510.646,57€<sup>1</sup> e recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2016 por importe de 631.486,97€<sup>2</sup> (pontos 5 e 6 da orde do día).

Imputábanse unha serie de actuacións en camiños, contratadas abusando da figura do contrato menor e sen mediar contrato algún, ao remanente de tesouraría sen telo aprobado a través da conta xeral e tendo só no orzamento de 2015 unha dotación orzamentar de 120.840,40€ para tal fin. Amais, o concello de Chantada encontrábase e encóntrase dentro dun plano de axuste tendo que amortizar importantes cantidades de débeda conforme ao marco lexislativo en vigor e tal e como se desprende da Conta Xeral de 2014, non sendo así no 2015.

---

1 Pode consultarse aquí a documentación: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/01/suplemento-de-crc3a9ditos-s-c-01-2016.pdf>

2 Pode consultarse aquí a documentación: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/01/recoc3b1ecemento-extraxudicial-01-2016.pdf>

Pretendíanse abonar directamente as facturas directas das empresas Oviga e Fevisa (todas do 31 de agosto e do 31 de decembro e sempre por baixo da barreira dos 50.000€) sen mediar calquera comprobación por parte do concello e co aval do correspondente técnico municipal. Pola súa banda a intervención municipal, lonxe de opor algún reparo como correspondería dadas as irregularidades, procedeu a «convalidar un acto irregular», segundo a expresión empregada no informe:

Tanto por economía procesal como para evitar menoscabos adicionais á parte da relación xurídica que non ocasionou a posíbel irregularidade no procedemento [é dicir as empresas que fixeron as obras], sempre ca contía a pagar derivada da contratación se presuma non superior á indemnización que se debería abonar se o procedemento for anulado, semella razoábel convalidar o acto irregular.

SEGUNDO.- Que 25 de xaneiro de 2016 interpuxemos, dirixíndonos ao alcalde de Chantada, unha alegación en tempo e forma no período de información pública e audiencia (BOP nº019 de 25/01/2016), sendo carimbado polo rexistro do concello o 01/02/2016, e tendo previamente impulsado unha petición de informe da secretaría ao respecto, contando para tal fin co apoio dos grupos municipais socialista e popular. En dito trámite, dito sexa de pasaxe, tamén rexistrou unha alegación o Grupo municipal socialista por medio da súa voceira Raquel López Rodríguez, rexistrándose o día 11/02/2016.

TERCEIRO.- O día 02/02/2016 a secretaría municipal emite o informe solicitado polo conxunto da oposición<sup>3</sup>. O secretario na altura, Xosé María Baños Campo, di que a irregularidade, a que fai referencia o informe da intervención mais sen interpor calquera tipo de reparo no expediente, ten dous aspectos: asumir obrigas sen créditos para o efecto<sup>4</sup> e a execución dos traballos ou obras sen contratación formal:

Tomando cada factura individualmente, estaríamos ante un contrato menor (art. 111 e 138 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto legislativo 3/2001, do 14 de novembro, [LCSP]), que require só aprobación do gasto e incorporación de factura, se ben no contrato menor de obras debe engadirse o orzamento das obras e o proxecto correspondente cando normas específicas así o esixan. O conxunto requiriría un procedemento aberto, coas formalidades de rigor: proxecto técnico, prego de cláusulas administrativas e técnicas, procedemento licitatorio público.

(...)

A clave está por un lado en que o artigo 86 da LCSP di no seu parágrafo 2 que “*non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan*”<sup>5</sup>, e por outro lado no parágrafo seguinte 3 di que “*cando o obxecto do*

3 Para consultar o informe íntegro da secretaría premer na seguinte ligazón:  
<https://porchantada.files.wordpress.com/2016/02/informe-facturas-camic3b1os.pdf>

4 No informe cítase o artigo 173 da LRFL que ten o seguinte teor: «non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar».

5 Engadimos nós que este é un dos proceptos que no marco xurídico vixente permite, a pesar das deficiencias que ten no combate da corrupción, evitar as famosas *mordidas* ou tamén no imaxinario popular “o 3%”. Non seguilo e proceder polo método de facturación directa e prescindindo de todo procedemento como é o presente caso ten, entre outras consecuencias negativas, a imposibilidade de fiscalizar todo o proceso e de coñecer os termos real do *contrato verbal* entre as empresas e os responsábeis da administración local constituíndo unha das piores eivas que pode asentarse, de cara a percepción social da política, nunha institución: a sombra da fraude e a malversación de caudais públicos.

O artigo 28 do TRLCSP (Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por RDL 03/2011) establece igualmente a prohibición da contratación verbal, permitíndo só cando é con carácter de emerxencia. Entender que no presente caso existía a devandita emerxencia, moi limitada a aspectos como catástrofes naturais ou situacións de emerxencia social reais, como pretendían a alcaldía e a intervención sen ningún tipo de xustificación, proxecto, orzamento, etc. é unha deturpación completa do sentido da Lei que entendemos que a xurisprudencia non ten aceptado en situacións análogas.

*contrato admita fraccionamento e así se xustifique debidamente no expediente, poderá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, sempre que estas sexa susceptíbeis de utilización ou aproveitamento separado e constituían unha unidade funcional, ou así o esixa a natureza do obxecto*”. Un pronunciamento ao respecto sobre o caso das facturas incluídas neste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ten un contido máis técnico que xurídico<sup>6</sup>.

CUARTO.- O día 17/02/2016 o grupo municipal socialista presenta un recurso de reposición<sup>7</sup> onde, *ceteris paribus*, subliña que este tipo de contratacións desenvolvidas fóra do marco legal establecido son nulas e, xa que logo, non poden ser efectivas nin se poden abonar ao contratista. As consecuencias desta actuación encóntranse nas fontes do dereito administrativo e, principalmente, no TRLCSP<sup>8</sup>.

QUINTO.- Que o día 03/03/2016 se celebra a Comisión Informativa de economía e facenda previa ao pleno ordinario de marzo do Concello de Chantada. Poucas horas antes da mesma, concretamente o día 1 se mal non lembro, remítensenos dous informe da intervención, do 26 de febreiro ambos, que totalizaban máis de 100 páxinas coa evidente vontade de abrumar con argumentos técnicos-xurídicos aos concelleiros da oposición<sup>9</sup> e nos que se teimaba en continuar avante co proceso e desestimar os reparos da oposición. No entanto, ás 20 horas, na citada Comisión, o propio interventor recua e muda radicalmente de parecer sen maiores

---

6 Con todo, o grupo subscribinte considera que este fraccionamento e o contrato menor, tal e como recoñece o informe inicial da intervención no repaso da lexislación vixente, eran a única vía pola que podía aprobarse este suposto «plano de choque municipal», xa que doutro modo sería imposible destinar eses fondos a outra cousa que non fose amortizar débeda nin podería realizarse sen concurso público, fiscalización previa e modificación de crédito (que o plano de axuste e o teito de gasto a el asociado e dada a situación financeira na altura non permitirían de ningún modo). Dito isto, consideramos que lonxe de ser unha cuestión simplemente técnica (fraccionar o conxunto por cada actuación en cada camiño ou tramo) hai unha evidente mala fe para desenvolver unha actuación conscientemente da súa completa irregularidade e de burlar integramente o procedemento establecido. Di o informe da intervención, por exemplo (vid. DIGO 4º):

En los contratos menores no hay ningún procedimiento para su adjudicación que efectúe de manera directa el órgano de contratación, de acuerdo con el artículo 138.3 del TRLCSP. En consecuencia, no se puede entender que se ha prescindido total y absolutamente del procedimiento cuando se ha ejecutado el contrato menor sin la aprobación previa del gasto, exigido para estos contratos según el artículo 11 del TRLCSP. Esta ausencia comporta un vicio de nulidad que puede validar el órgano competente, de acuerdo con el artículo 67 de la LRJAP-PAC, en el momento de reflejar contablemente el reconocimiento de la obligación y propuesta de pago.

7 O recurso de reposición do Grupo municipal socialista pode consultarse na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/03/recurso-de-reposic3b3n-recoc3b1ecemento-extradudicial-12016.pdf>

8 Por exemplo, o artigo 31 establece que os contratos das AA.PP. e os contratos suxeitos a regulación harmonizada son inválidos cando o sexa algún dos seus actos preparatorios ou de adxudicación, polo feito de que se dean algunhas das causas de dereito administrativo ou de dereito civil. De por parte, o artigo 32 do TRLCSP establece que as causas de nulidade son as que indica o artigo 62.1 da LRXAP-PAC, para alén das previstas na LRXAPPAC entre as que subliñamos a referida a prescindir total e absolutamente do procedemento establecido, a prohibición de contratar nos casos de insuficiencia de crédito en consonancia coa normativa orzamentar vixente aplicábel, etc. Cando se dá algunha das anteriores causas o vicio non pode subsanarse e non é posíbel validar o acto por parte de calquera órgano.

9 Os devanditos informes tamén se poden consultar en liña no noso site. Para o *Informe a las alegaciones al Suplemento de Crédito* preme na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/03/informe-sobre-alegaciones-al-sc-ok-26-feb-viernes.pdf> e para o *Informe en relación al Recurso de reposición contra expediente de reconocimiento* preme nestoutra ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/03/informe-recurso-recoc3b1ecemento-01-2016.pdf>. Precisamente este “argumentario” será o que o concello faga seu posteriormente cando remita un informe da intervención ao Consello Consultivo de Galiza por acordo da XGL extraordinaria do 19 de outubro de 2016. É bastante clarividente que o ditame do devandito órgano faga máis referencia ao informe da secretaría solicitado pola oposición de 2 páxinas que ao da intervención de 55 páxinas.

explicacións que a existencia de «dos doutrinas» e mesmo recomenda (consta en acta) que se atenda ao punto 5º dunha moción apresentada polo noso grupo que solicitaba remitir o expediente ao Consello de Contas de Galiza<sup>10</sup>:

5.- Solicitar que o Consello de Contas de Galiza emita un informe sobre a legalidade e pertinencia do *Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016* aprobado na sesión ordinaria de xaneiro, xa que, entre outras posíbeis irregularidades, fracciónase o obxecto do contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponda (art. 86.2 TRLCSP), aínda cando o concello de Chantada se encontraba nese momento no marco dun Plan de axuste onde se contemplan medidas relativas a adxudicación de contratos menores e, na lexislación, estipúlase o destino dos remanentes de tesouraría no marco dun plano de axuste. A tal efecto remitiráselle toda a documentación englobada nos correspondentes expedientes do citado *Recoñecemento extraxudicial* e mais do *Suplemento de crédito 1/2016*

SEXTO.- En 07/03/2016 celébrase o pleno ordinario de marzo<sup>11</sup>. Nos puntos 4º e 5º concretamente vemos como novamente o interventor e o alcalde mudan de parecer. Desta volta, néganse en redondo en enviar os expedientes ao Consello de Contas, prosiguen coa anulación dos actos e simplemente admiten remitir a documentación ao Consello Consultivo. Xustifican a súa posición até a altura en que crían na urxencia das actuacións e na «tradición» do concello de Chantada<sup>12</sup>. A nosa moción para a adopción de protocolos de transparencia é rexeitada aínda que co compromiso de levala ao pleno de maio tal e como consta na acta do pleno<sup>13</sup>.

SÉTIMO.- Na XGL do 15/03/2016 decidiuse incoar formalmente o expediente de revisión de oficio segundo o acordado do pleno do 7 de marzo.

OITAVO.- O pleno ordinario do 09/05/2016 non contou coa comisión previa ao pleno en que supostamente se ían tratar propostas co gallo de mellorar a transparencia e a eficiencia nos servizos económicos do concello de Chantada, ou sexa en liña coa da moción do Grupo municipal do subscribente, Por Chantada-CUP, segundo anteriormente foi explicado. Só o noso grupo fixo propostas ao respecto, propondo desde a CUP limitar, dentro de parámetros racionais, ao máximo outorgar contratos a dedo mediante o subterfuxio dos “contratos menores” que son en Chantada a maioría abrumadura dos contratos celebrados.

Porén, non só non se celebrou a comisión, senón que o alcalde, Manuel Varela, negouse a incluír este punto na orde do día, a pesar de solicitar el mesmo no pleno de marzo que ficase «sobre a mesa para mellor estudo para seguinte pleno ordinario» faltando así a súa palabra. En vista disto, o noso grupo tiña o imperativo de volver a propor esta moción, que consideramos é un tema central e máis logo do que pasou co *Expediente de crédito 1/2016* e o *Suplemento de crédito 1/2016*, pola única vía que nos quedaba: como cuestión de urxencia, sendo

---

10 No seu día emitimos un informe contestando os informes da intervención conforme ao noso parecer na altura: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/03/sobre-os-informes-da-intervencic3b3n.pdf>. A moción do noso grupo referenciada pode consultarse íntegra aquí: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/03/mocic3b3n-para-a-adopcic3b3n-de-protocolos-de-transparencia-e-eficiencia-nos-servizos-econoc3b3micos.pdf>

11 A acta do pleno pode descarregarse na seguinte ligazón: <https://porchantada.wordpress.com/2016/05/11/resumo-do-pleno-ordinario-do-9-de-maio-de-2016/acta-pleno-07-03-2016-completa/>

12 Nos informes da intervención tentouse equiparar esta actuación a outros recoñecementos feitos na única lexislatura do goberno PSOE-BNG o único no que Manuel Varela non foi alcalde nas últimas dúas décadas. Como demostramos na nosa réplica ao informe da intervención é totalmente falso (punto sétimo) e o único que demostraron sen querer é que Manuel Varela recorreu a procedementos semellantes de “facturas nos caixóns” por valor de centos de milleiros de euros na súa etapa como alcalde no PP (vid. nota a rodapé nº 10)

13 Vid. nota a rodapé 10 para o contido da moción e nota a rodapé 11 para a acta (páxina 35).

esta negada por Inta no pleno. No entanto, no debate da urxencia saíu á luz que aínda non se remitira o expediente ao Consello consultivo dous meses após o acordo plenario, semellaba no haber moita presa... O punto 5º daquela moción tiña o seguinte teor:

Solicitar que o Consello de Contas de Galiza emita un informe sobre a legalidade e pertinencia do Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016 aprobado na sesión ordinaria de xaneiro, xa que, entre outras posíbeis irregularidades, fracciónase o obxecto do contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponda (art. 86.2 TRLCSP), aínda cando o concello de Chantada se encontraba nese momento no marco dun Plan de axuste onde se contemplan medidas relativas a adxudicación de contratos menores e, na lexislación, estipúlase o destino dos remanentes de tesouraría no marco dun plano de axuste. A tal efecto remitiráselle toda a documentación englobada nos correspondentes expedientes do citado Recoñecemento extraxudicial e mais do Suplemento de crédito 1/2016.

NOVENO.- Aínda na XGL extraordinaria do 24 de maio de 2016, con todo o tempo do mundo, acórdase:

Primeiro.- Que polo Sr. Alcalde, como Presidente da Entidade Local, segundo o provisto no art. 32 do Decreto 91/2015, se solicite formalmente o ditame preceptivo do art. 102 da Lei 30/1992, a emitir polo Consello Consultivo de Galiza no procedemento de revisión de oficio de actos administrativos e declaración de nulidade dos mesmos, acompañando a solicitude da certificación do presente acordo e de toda a documentación dos expedientes administrativos que teñen que ver con este asunto, debidamente ordenada e indiciada.

Segundo.- Incorporar como proposta de resolución do órgano consultante a de declarar nulos os actos administrativos relativo á execución de obras en camiños por parte das empresas "Obras y viales de Galicia SL" e "Fevisa vías y obras S.L", por un importe total de 630.486,98€, pola carencia de dotación de crédito orzamentario dispoñible suficiente para unhas obras consideradas como menores.

DÉCIMO.- No pleno ordinario do 11/07/2016 apresentamos por escrito unha serie de preguntas, cunha antelación de máis de 24 horas, que a día de hoxe (18/12/2016) aínda non foron contestadas a pesar de requirilo por escrito e nos plenos en diversas ocasións. Na pregunta 14ª preguntamos novamente pola cuestión e, entre outras cousas, formulamos como se ía facer fronte á indemnización ás empresas polos xuros de demora, como se ía taxar o montante das obras ou pedíase que o concello iniciase un expediente de oficio para aclarar responsabilidades de forma que o erario público non tivese que soportar os xuros de demora e/ou indemnización alén da parte correspondente para evitar un enriquecemento ilícito da administración.

UNDÉCIMO.- O 05/08/2016 O Consello Consultivo de Galiza informa desfavorabelmente a proposta de resolución remitida polo Concello de Chantada por terse producida a caducidade prevista no artigo 102.5 da Lei 30/1992, aclarando iso si que «o anterior non obsta a que se inicie un novo expediente de revisión». Foi tal a pachorra que se perderon varios meses debendo recomezarse o proceso de remisión de proposta ao Consello Consultivo. O 11/08/2016 incouse formalmente novamente expediente de revisión de oficio.

DUODÉCIMO.- No pleno ordinario de setembro volvemos sobre esta cuestión sendo a resposta que por diversos erros o Consello Consultivo non se tiña pronunciado, engadindo que era «un caso único na historia» que se invocase o artigo 102.5 da Lei 30/1992. De feito, a solicitude de ditame ao Consello Consultivo foi remitida novamente o 06/09/2016, ou sexa, cáseque un mes despois mostrando así novamente que non era un asunto prioritario para o concello.



DÉCIMO TERCEIRO.- O Consello Consultivo de Galiza acordou, en sesión de 05/10/2016 retrotraer o expediente xa que o Concello non elaborou un informe con proposta algunha. En tantos meses foran incapaces de remitir unha proposta de resolución, o cal é inaudito. Dito informe, elaborado pola intervención municipal ás presas e refundindo dous textos anteriores xa referidos (cos que se tentaba xustificar o que agora se pretendía anular!) é feito como propio do Concello na sesión da XGL do 19/10/2016 é dicir novamente asistimos a dilacións e a unha calma inaudita nun proceso cuxa resolución ía xerar indemnización e xuros de demora, por unha banda, e cando o noso grupo tiña advertido que o Consello Consultivo non solventaría nada *a posteriori*, como o seu propio nome indica, debendo ter contado co parecer do Consello de Contas (aspecto do que non se quixo saber para eludir calquera responsabilidade) aínda cando se anulaban os propios actos de oficio pola presión da oposición.

DÉCIMO CUARTO.- Con data de 09/11/2016 o Consello Consultivo de Galiza emite o seu informe, con rexistro de entrada no concello o día 14 do devandito mes, que *grosso modo* sitúa o proceso no punto de partida previo ao acordo plenario do mes de xaneiro, en consonancia co que tiñamos advertido. Por outras palabras, dilatouse innecesariamente durante un ano un proceso por non xunguir o expediente de revisión de oficio á depuración de responsabilidades<sup>14</sup>.

No entanto, no día 14 de novembro nin o alcalde nin a secretaría renderon contas do informe limitándose a dicir que era «favorábel», ou sexa, favorábel á proposta de resolución que consistía en que o propio concello recoñecía a irregularidade e que o acto de contratación era nulo de pleno dereito, correspondendo entón recomenzar todo o proceso para indemnizar ás empresas.

Entre outros trechos salientábeis do informe do Consello Consultivo cómpre pór en destaca que «do informe emitido polo interventor resulta que os contratos foron adjudicados con clara contravención do disposto na lexislación mencionada en canto á consignación e carencia de crédito, polo que se debe concluír que concorre a causa de nulidade establecida no artigo 32 c) do TRLCSP». E no parágrafo seguinte (páx. 8) especifica que o informe da Secretaría do Concello salienta que se «executaron traballos que configuran o contrato sen que se verificase o cumprimento dos requisitos formais que existe a normativa contractual, polo que recoñece que se omitiu dunha forma clara e manifesta, o procedemento legalmente exixíbel».

Das conclusións do informe destacamos o seguinte: «no presente caso, a omisión do procedemento é recoñecida polo propio concello nun informe da secretaría, polo que este Consello Consultivo estima que concorre a causa de nulidade invocada». Tamén lembra que o artigo 35.1 do TRLCSP estima que «a parte que resulte culpábel deberá indemnizar a contraria dos danos e perdas que sufrise» polo que a) «debe aboarse ás empresas contratistas os traballos que efectivamente fosen realizados e recibidos de conformidade pola Administración, previa a súa valoración polos servizos técnicos do Concello» e b) «o artigo 35.1 contempla do mesmo xeito a obriga que corresponde á parte culpábel de indemnizar á contraria os danos e perdas que esta tivese sufrido, en consonancia co disposto no artigo 102.4 da LRXPAC». Por último, salientan desde o organismo consultivo que «na proposta remitida o Concello recoñece que se procederá ao pagamento aos contratistas remitindo a “un trámite posterior” deste

---

14 O informe íntegro do Consello Consultivo da Galiza pode consultarse na seguinte ligazón: <https://porchantada.files.wordpress.com/2016/12/ditame-consello-consultivo.pdf>

xeito, tal como consta, tal cuestión será resolta nun expediente instruído para tal efecto».

DÉCIMO QUINTO.- A partir deste momento muda o ritmo de *Larghissimo* para *Prestissimo*. O 29/11/2016 celébrase unha XGL, cuxa acta só se nos remite ao noso grupo o 17/12/2016, tratándose no 2º punto da orde do día a “Revisión de oficio de actos do Concello por obras en camiños, por parte das empresas “Obras y Viales de Galicia S.L.” (Oviga), con sede en Oroso, e “Fevisa Vías y obras S.L.” (Fevisa), con sede no concello limítrofe de O Saviñao. O propio 29/11/2016 a nova secretaría e a nova intervención emiten un informe conxunto cuxo contido descoñecemos xa que non nos foi remitido e que tomamos a iniciativa de solicitar formalmente o mesmo día da recepción da acta da XGL (17/12/2016).

Do acordado referir como fulcral a declaración de nulidade «de pleno dereito dos actos administrativos relativos á execución de obras en camiños» por parte de Oviga e Fevisa «por un importe total de 630.486,98€ pola carencia de dotación de crédito orzamentario dispoñíbel suficiente para unhas obras consideradas como menores» e que «polo Arquitecto se emita informe e valoración das obras a efectos da liquidación e indemnización que proceda».

DÉCIMO SEXTO.- O 02/12/2016 o alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, e o arquitecto, Juan García Pérez, asinan a *Acta de recepción das obras executadas segundo facturas de Fevisa Vías y Obras S.L* (non nos consta que exista unha acta análoga das obras de Oviga<sup>15</sup>). En dita acta, que consta dun folio escrito por unha única cara, dise que «os asinantes, reunidos nas dependencias do Concello e unha vez recoñecidas e verificadas as obras executadas que figuran comprendidas no encabezado, formalizan esta acta co carácter de FAVORABLE: as obras atópanse en bo estado e foron executadas segundo a valoración de obra correspondente (...). O prazo de garantía queda establecido nun ano».

Ao respecto a primeira dúbida evidente é como se pode pedir garantía dun ano cando non existe contrato e son actos nulos de pleno dereito e a segunda como se pode afirmar o bo estado dunhas obras que non se visitaron dadas as presas e que nalgúns casos se encontran nun estado de deterioro evidente que, cando menos, se debería certificar co debido rigor.

DÉCIMO SÉPTIMO.- O 01/12/2016 o arquitecto municipal emitiu informes de «valoración e obras executadas» para cumprir formalmente co ditaminado polo Consello Consultivo onde parte das facturas enviadas pola empresa sen ningunha comprobación rigorosa no terreo e partindo dun erro de base.

Explicámonos. Lembremos que o acordo da XGL (vid. 15º) é do 29 pola tarde polo que nun día percorreu, xunto ao encargado de obras Francisco García Diéguez, todas as obras e aínda tiveron tempo de medilas, taxalas e estar xa o día

---

15 Algunhas das actuacións realizadas por esta segunda empresa encóntranse actualmente en mal estado. Noutros casos as actuacións realizadas foron tapar pequenas fochancas e non todo o que se relata na factura. Por pór un exemplo, a “Relación valorada parcial nº5 accesos a Vilameá” fala dunha medición de 413,100 metros onde se operaría unha limpeza da superficie do pavimento existente (“incluso con repaso manual”), bacheo firme asfáltico de 612 metros de longo e 2,70 metros de ancho e dobre rega asfáltica. No entanto, temos comprobado que o que se fixo foi tapar algunhas fochancas existentes non correspondéndose coas medicións fornecidas. Ou na “Relación valorada parcial nº9 accesos a Vilardamos” observamos que voa parte deses “accesos” son propios dunha zona de guerra e non foron xa arranxados no seu día polo que resulta difícil obter os 282 metros dos que se fala. Isto só por pór exemplos dos casos dos que temos un coñecemento máis próximo. É evidente que debe facerse unha taxación independente e rigorosa e non un simulacro para facer pagar ao erario público o que non lle corresponde. Dito sexa de pasaxe ambas facturas fan referencia a actuacións exercidas nun mesmo período e nunha mesma parroquia, polo que coidamos é mais un indicio da fragmentación irregular do obxecto para evitar a súa licitación como obra maior.



1 de decembro asinando os informes e o 2 a acta de recepción. Permítasenos pór en dubida este procedemento que vicia xa de partida aínda máis este expediente, unha nova trapallada en toda regra.

Nos informes do día 01/12/2016 tamén se afirma que as obras se executaron sobre estradas e camiños municipais durante os meses de xullo e agosto do ano 2015, cando realmente comezaron nalgúns casos xa no mes de maio segundo recoñecera no pleno ordinario de xaneiro o propio alcalde.

Porén, o máis escandaloso ao noso entender da taxación é que a conclusión que se desprende da mesma é que, segundo o arquitecto municipal, as empresas Fevisa e Oviga constitúen un caso único dentro da administración local ao emitiren facturas directas a perdas. Segundo este técnico municipal facturouse sen beneficio industrial e taxa o conxunto en 40.000€ máis do que no seu día pedían as propias empresas. Evidentemente, isto debe ser investigado a fondo, pois o informe no que sustentan toda a andamiaxe das modificacións crediticias parte de prezos de mercado como se estes non inclúsen un lucro que vai alén do prezo de custo e, xa que logo, o Concello *stritu senso* só debe indemnizar as empresas en tanto en canto evita un enriquecemento ilícito, mais non lle corresponde á Facenda local asumir os danos e prexuízos, xuros de demora ou lucro cesante da anulación dos actos.

Amais, a relación de valoración parcial das supostas obras segmentadas parten das facturas directas emitidas polas empresas: cómpre lembrar que a xurisprudencia considera que na factura directa se inclúe un evidente beneficio industrial que debe calcularse e subtraerse das mesmas no caso de declarárense nulas de pleno dereito correspondendo ao concello de oficio ditaminar responsabilidades ou aos tribunais ditaminar a responsabilidade patrimonial dos responsábeis.

Cómpre lembrar ao respecto que é un deber dos servidores públicos o cumprimento estrito da legalidade en materia contractual á hora de encargar a prestación que vai dar obxecto a unha factura. Isto obriga a todos, empregados públicos e cargos políticos, a entender e asumir plenamente que cando aceitan o compromiso de servizo, este sempre chega xunguido ao cumprimento da legalidade no exercicio das súas funcións.

DÉCIMO OITAVO.- O 02/12/2016 ás 15:22 horas a secretaría municipal envía un correo coa convocatoria dun pleno extraordinario urxente sen existir ningún documento que xustifique a urxencia do mesmo nin ningunha documentación sobre o último punto da orde do día. Non se nos comunica por ningunha outra vía, por exemplo telefonicamente (si curiosamente se nos chama o día 16/12/2016 para sondear convocar unha “xunta de portavoces” para mudar de día o pleno de xaneiro e mudar o “método de notificación” (sic.) dos plenos logo de apresentar escrito advertindo que o pleno podía ser nulo de pleno dereito).

DÉCIMO NOVENO.- O 05 de decembro celébrase unha sesión plenaria ás 09:30 horas á que non podemos asistir dada a premura da convocatoria, da que só nos enteramos o día 03/12/2016 ao ver ao correo persoal, e por estar traballando en Lisboa.

A tese defendida polo Goberno é que se realicen dúas modificacións de crédito que permitan resolver a indemnización ás empresas sen depurar responsabilidades nin solventar as irregularidades de base. A primeira modificación (Suplemento de crédito 02/2016) consistiría en amortizar débeda por valor de 560.714,55€ para poder dedicar o restante montante do remanente de tesouraría (Suplemento de crédito 03/2016) ás indemnizacións, que ascenden a

630.406,65€ segundo un insostíbel informe do arquitecto municipal para o que remitimos ao exposto no punto 17<sup>o</sup><sup>16</sup>. A operación completárase, loxicamente, coa aprobación do Expediente de crédito cuxo contido non podemos coñecer ao carecer de calquera documentación ao respecto.

No entanto, antes da celebración do pleno repártase un escrito do noso grupo: “Reclamación previa a denuncia administrativa dos acordos do pleno do 5 de decembro de 2016” que aínda non recibiu contestación no momento de redixir este escrito<sup>17</sup>.

Do mesmo, entre outras moitos outros aspectos, salientamos que a STS de 05/01/1988 é clara sobre a nulidade dos acordos adotados por non teren os concelleiros á súa disposicións expedientes a tratar nesta desde o momento da convocatoria da mesma. De feito, o último punto, correspondente á aprobación do Expediente extraxudicial de crédito e carente de calquera documentación no momento da convocatoria, foi retirado. Con todo, é inaudito que desde a secretaría non se erguese reparo no momento da convocatoria ante unha convocatoria cuxos acordos se sabían nulos de pleno dereito por esta causa e mais pola falta de xustificación da urxencia:

O art. 80 do ROF asinala que «entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, salvo no caso das sesións extraordinarias urxentes». Así pois, no caso das sesións extraordinarias non existe un prazo específico entre a convocatoria e a celebración das sesións, mais en ningún caso se xustifica que podan convocarse e celebrarse con tal premura que impida ou dificulte a normal asistencia de todos os concelleiros polo que a xurisprudencia (STS 20/05/1998) indica suficiente calquera prazo que asegure e garanta a entrega das convocatorias e a posterior asistencia á sesión de todos os municipais.

É discutíbel que enviar un correo electrónico xa fóra do horario laboral da secretaría nunha sexta-feira e como única vía sexa a mellor maneira de convocar un pleno extraordinario urxente e é ilegal facelo sen entregar toda a documentación e a xustificación da urxencia desa convocatoria. A lexislación indica que é o alcalde quen convoca por iniciativa propia a sesión e a quen lle corresponde apreciar a urxencia dos asuntos incluídos a orde do día, urxencia que debe ser debidamente motivada (art. 48.2 TRRL) e ratificada posteriormente polo Pleno (art. 46.2 LRBRL). Neste caso, o pleno vai pronunciarse sobre a urxencia sen terse motivado esta por parte da alcaldía na convocatoria da sesión nin por escrito en ningún momento polo que debería levantarse a sesión de acordo co art. 79 do ROF.

A esixencia de motivación figura tamén no artigo 78.2.1 do ROF, facéndose extensiva a todas as sesións extraordinarias plenarias polo artigo 80.1 do mesmo ROF precisando, por súa parte, a xurisprudencia (p. ex. STSX de Castela e León de 29/04/1997) que debe ficar claro o tema ou temas da orde día e os asuntos sobre os que versará a deliberación e decisión para alén da motivación da urxencia. E do mesmo modo que o art. 78.2 do ROF esixe para os plenos extraordinarios convocados pola oposición, entre outras cuestións, a motivación da urxencia por escrito esta é igualmente exixíbel para os plenos extraordinarios urxentes convocados pola alcaldía.

E, xa que logo, dados os feitos e fundamentos de dereito expostos consideramos no devandito escrito que existe nulidade dos acordos adoptados en virtude do artigo 62.1.e) da LRXPAC, o artigo 48.2 da TRRL e o artigo 46.2 da

---

16 O único fundamento xurídico invocado para toda a operación é o fornecido nos informes da intervención para as modificacións de crédito ante a ausencia de calquera informe da secretaría: o artigo 32.1 da *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentar e Sustentabilidade Financeira* e, correlativamente, a *Disposición adicional sexta Reglas especiales para el destino del superávit orzamentar da Lei Orgánica 02/2012*. Supón, dito sea de pasaxe, recoñecer que no proceso inicial se prescindiu totalmente deste precepto como indicamos desde a oposición fixando o artigo 28.f) da *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno* como infracción en materia de xestión económica-orzamentar moi grave coas consecuencias xurídicas que dita infracción leva aparellada.

17 Dito escrito pode lerse integramente na seguinte ligazón:  
<https://porchantada.files.wordpress.com/2016/12/impugnacion3b3n-pleno.pdf>

LRBBL. Por exemplo, lembramos a Entre outra xurisprudencia a STSX de Andalucía de 2/09/1998, a cal declarou nula unha sesión extraordinaria urxente por vulnerar o art. 23.2 CE por non estar xustificada a urxencia e porque os asuntos a tratar non estiveran a disposición dos concelleiros para o seu estudo.

Finalmente, a pesar de retirar o último punto o pleno celebrouse igualmente sen ter conta os custes que pode ter esta decisión para o concello, aprobándose a urxencia unicamente cos votos de Inta, que semella non foi suficientemente xustificada verbalmente no momento tampouco, e o mesmo as modificacións de crédito.

VIXÉSIMO.- As empresas envolvidas seguiron facturando para o concello durante este tempo, normalmente mediante a figura do contrato menor e sendo a contratación aprobada ou ben por decreto da alcaldía ou ben pola XGL:

Empresa	Órgano	Data	Cantidade
Oviga	Decreto 193/2016	13/09/2016	
Oviga	XGL	20/09/2016	130.420€
Fevisa	Decreto 194/2016	13/09/2016	
Fevisa	Decreto 210/2016	27/09/2016	87.120€
Oviga	XGL	02/11/2016	45.000€
Oviga	XGL	15/11/2016	31.000€
Oviga	XGL	15/11/2016	4.300€
<b>SUBTOTAL OVIGA</b>			<b>210.720€</b>
<b>SUBTOTAL FEVISA</b>			<b>87.120€</b>
<b>TOTAL</b>			<b>297.840€</b>

VIXÉSIMO PRIMEIRO.- Se a contratación se desenvolveu de maneira verbal e en ausencia de crédito, como recoñeceu o propio Concello, non é suficiente habilitar crédito no orzamento para que a factura se pague.

As obrigas da Facenda Pública nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito, as xeren. Se a contratación se celebrou adolecendo de vicios de nulidade absoluta non poderá ser eficaz, pois o Tribunal Supremo entende que a contratación verbal ostenta o carácter de pacto radicalmente nulo, e non produce en consecuencia efectos, derivado das súa inexistencia xurídica. Non se poden derivar obrigas dun contrato inexistente.

Outra cousa é o principio de prohibición de enriquecemento inxusto, que fai nacer unha obriga *ex lege* de restituír ao terceiro en tales casos o valor da prestación efectivamente realizada, mais apenas na contía que coincide co proveito ou enriquecemento obtido polo Concello e non polo lucro asociado a calquera operación mercantil ou de fornecemento de servizos. Este lucro, xunto aos xuros de demora e as indemnizacións que por ese motivo lle corresponden ás empresas, deberán descontarse non dos actuais 630.406,65€ propostos senón da taxación que se faga con rigor e nun informe onde as medidas e os cálculos estean perfectamente explicitados e por unha entidade neutral, dado que, polas razóns expostas, non existe esta no caso do técnico do Concello.

No entanto, aínda admitindo a cantidade proposta, a diversa xurisprudencia parecer situar por volta dun mínimo de 10% ese lucro que habería que extraer e sobre o que calcular os xuros de demora sumando ambas cantidades

provavelmente máis de 120.000€ que non debería asumir a Facenda local senón os responsábeis patrimonialmente.

Como apunta a doutrina do Consello de Estado a Administración non pode partir de que un acto é nulo como fundamento para remediar un dano por ser ilegal, e pagar a factura, sen que precedera a declaración de tal nulidade e acordar a indemnización, polo que deberá tramitarse o correspondente procedemento de revisión de oficio do contrato<sup>18</sup>.

VIXÉSIMO SEGUNDO.- A maior abundamento, non está xustificado ao noso entender e de acordo co artigo 37.2 do RD 500/1990 no expediente o carácter urxente do gasto nin a recente extraordinaria celeridade na xestión do expediente a pesar de que, novamente, é a oposición a que está advertindo do seu erro ao Goberno. Esta persistencia só pode ser entendida nunha prepotencia que perxudica dunha parte das arcas públicas, para tapar as responsabilidades propias, até vulnerando o dereito dos cidadáns á información e a participación nos asuntos públicos por medio dos seus representantes electos e, pola outra, conduce a unha innecesaria xudicialización da vida política local que, após máis dun ano de advertencias e imposíbel diálogo semella xa inevitábel.

Por unha parte, actuacións dun exercicio anterior e realizadas á marxe de calquera procedemento administrativo e sen crédito, xa que logo nulas de pleno dereito, non poden ser urxentes e existe unha contradición ontolóxica co presuposto de non poder esperar ao exercicio vindeiro que é *mutatis mutandis* o que, verbalmente, manifestou para xustificar a urxencia o alcalde na sesión plenaria.

VIXÉSIMO TERCEIRO.- Tampouco consta o carácter específico do gasto: estamos antes unha relación de facturas dinamantes dunha vía de feito sen concretar as actuacións desenvolvidas debidamente con, cando menos, elementos imprescindíbeis en calquera informe de taxación como son o lugar, parroquia, puntos quilómetros onde se acometeron as actuacións, actas de replaneamento previo e de comprobación do replaneamento, autorizacións sectoriais requeridas, etc.

Do mesmo xeito, lembramos que non existe memoria técnica, proxecto ou orzamento que cumpra minimamente coas esixencias fixadas para a execución de obras, tanto no artigo 111, como nos 121 e seguintes do TRLCSP, aprobado polo RDL 2/2011. Tampouco consta a natureza das obras de acordo co artigo 122 do TRLCSP e non se xustifica nin indiciariamente a necesidade de actuación e a súa idoneidade para satisfacer o interese público, co risco evidente de fraccionar as actuacións ao marxe de toda canle legal.

VIXÉSIMO CUARTO.- Rematamos esta exposición lembrando o artigo 188 do TRLRFL:

Os ordenadores de gastos e de pagos, en todo caso, e os interventores das entidades locais, cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, serán persoalmente responsábeis de todo gasto que autoricen e de toda obriga que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente.

O precepto anterior e outros análogos en materia de responsabilidade patrimonial como o 145.2 da *Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común* ou o *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo polo que se aproba o Regulamento de procedementos das Administracións Públicas* fan fincapé sobre a **necesidade de depurar todas e cada unha das responsabilidades envolvidas no presente**

---

18 Véxase, por exemplo, o Ditame 1724/2011.

**proceso, pois a Facenda Local non debe asumir nin un euro que non lle corresponda.**

VIXÉSIMO QUINTO.- Ao entender do grupo subscribinte o alcalde Manuel Lorenzo Varela, sen reparo do interventor municipal na altura, José Ferreiro Fernández, e coa conivencia do arquitecto municipal, Juan García Pérez, fraccionou artificialmente en diversos contratos menores o que, en atención ao seu obxecto, tempo e lugar de execución, así como a súa contía, debería considerarse como contrato maior.

No entanto, ao noso entender, isto non se fixo así cunha dupla finalidade: por unha banda, eludir os constrinximentos do Plano de axuste, que impedirían en todo caso destinar o remanente de tesouraría ao pago destas facturas e actuacións para as que non había consignación orzamentar; e, por outra banda, para adxudicar en maio de 2015 a Fevisa e Oviga directa e verbalmente dita adxudicación, subtraendo esta do procedemento legalmente establecido ao efecto e suxeito aos principios de publicidade e libre concorrência, do mesmo xeito, que, ao tempo, se eludiu o procedemento que a lei impón para a tramitación de contratos menores, pois nin se fixo un orzamento nin se aprobou o gasto, nin o límite temporal establecido co conseguinte menoscabo para as arcas públicas podendo apreciarse até un delito de fraude se atendemos á xurisprudencia sobre casos análogos.

A favor da nosa tese está por exemplo o fraccionamento de actuacións dentro do ámbito dunha mesma parroquia ou aínda dunha mesma vía. Por outras palabras, cada obra carecía segundo entendemos de identidade propia e trátase de traballos xebrados por pouco tempo entre eles que gardan unha relación lóxica por sucesión de conceptos coincidentes ou semellantes. Por tanto, a resolución adoptada causou un resultado materialmente inxusto, xa que se tratou dun procedemento a dedo, sen posibilidade de contrastar que a súa oferta fose máis favorábel para os intereses xerais a pesar de incluír un precepto claro nese sentido dentro do Plano de axuste en vigor no Concello de Chantada. Neste sentido, xuridicamente importaría pouco se o contratista cobrou uns prezos por baixo do mercado tal e como intenta xustificar o informe do arquitecto municipal, un oxímoro no seu conxunto, e, con independencia da existencia ou non das denominadas *mordidas*, que teñen explicado infelizmente, en última instancia, moitas destas actuacións en casos senón análogos ben semellantes.

O fraccionamento en varias obras menores do que entendemos que debера ser unha obra maior é unha actuación prohibida polo artigo 68 RDL 2/2000 ou polo artigo 74 da Lei de Contratos do Estado 30/2007, pois ambos preceptos asinalan que «non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requirimentos de publicidade, o procedemento ou a forma de adxudicación que corresponda».

Aínda por riba tampouco se seguiu, tal e como recoñeceu o Concello ao declarar a nulidade de pleno dereito dos seus propios actos polas presións da oposición, o procedemento para os contratos menores establecido polo artigo 121 do RDL 2/2000: «aqueles cuxa contía non exceda de 5.000.000 de pesetas» (30.050,61 euros), contía elevada aos 50.000€ no artigo 122.2 da Lei 30/2007. Nun montante total de 630.406,65€ (671.424,33€ segundo o técnico municipal!) é imposible que os actores envolvidos non tiveses coñecemento previo de que se ía superar o tope legal para o contrato menor, polo que entendemos existe unha intencionalidade en dito fraccionamento como expuxemos *ut supra*.

Consideramos dados obxectivos ao respecto do fraccionamento abusivo en contrato menor os seguintes:

a.- todas as actuacións foron obras de limpeza, pavimentación e acondicionamento de diferentes pistas do concello de Chantada;

b.- tratouse, como reconece o propio concello, de obras separadas por un espazo moi corto de tempo, realizadas nos mesmos lugares e que gardaron entre si unha relación de lóxica sucesión por conceptos coincidentes ou semellantes, xa que se emiten facturas distintas por reparar a mesma estrada ou pavimentar camiños na mesma parroquia ou lugar e, en calquera caso, dentro dunha actuación xeral de acondicionamento de camiños e pistas do Concello tal e como este mesmo reconece na documentación ao falar do suposto “Plan de choque” e tal e como se desprende do exame das facturas emitidas pola empresa:

c.- as obras documentáronse en 30 facturas directas por pequenos importantes emitíndose en tres lotes agrupados sempre por unha mesma data e que, nos tres casos, superan, como mínimo en máis do duplo, o tope establecido para o contrato menor: 14 facturas de Oviga por importe de 120.840,4 en 31/08/2015; 3 facturas Fevisa 01/10/2015 por importe de 77.996€; e 13 facturas de Fevisa novamente por importe total de 431.650,57 en 31/12/2015. Realizáronse entre maio, período de eleccións municipais, e agosto de 2015 segundo reconeceu no pleno o alcalde no pleno de xaneiro, aínda que segundo a documentación foi apenas en dous meses para desligar calquera sospeita co mes de maio e o período electoral que, en todo caso, é o de menor importancia en todo o asunto.

**Todo o cal permite afirmar que tales actuacións tiñan un mesmo obxecto, o cal era, en definitiva, o acondicionamento de pistas e camiños no Concello de Chantada.** Tampouco está acreditada a emerxencia entendemos, coa que se pretende xustificar a contratación verbal, incumprindo así o estipulado no artigo 55 do RDL 2/2000 que, en todo caso, non é razoábel que dita emerxencia non se xestionase mediante unha licitación única de obra maior, cos informes preceptivos, e non reconvertida nunha trintena de contratos menores.

Ao contrario do parecer do informe da secretaría do mes de febreiro que ve aspectos técnicos na determinación do fraccionamento o noso grupo ve unha decisión política ou, se se prefire, unha contradición co dereito dunha entidade tal que non pode ser explicada cunha simples argumentación técnico-xurídica minimamente razoábel, xa que a irregularidade que apreciamos semella ser contundente e manifesta tal como recollen sentenzas sobre casos semellantes, pois tal entidade ten a omisión do procedemento establecido.

A maior abundamento, desde a oposición e desde o noso Grupo municipal puxemos en reiteradas ocasións de manifesto estes aspectos, facéndoo agora por enésima vez e por extenso, xuntando toda a documentación e antecedentes, e do xeito máis fundamentado que o noso coñecemento o permite, sen prexuízo de que outros o poden facer dun xeito mellor e máis preciso.

### 3º) CADUCIDADE DO EXPEDIENTE.

A Fiscalización da Intervención 101/2018 do 28/06/2018 ao expediente 745/2018, ligada á Modificación orzamentar 24/2018 mediante Suplemento de Crédito 02/2018, determina que «a modificación vai afectar á estabilidade orzamentar» e conclúe que «cabe sinalar que a modificación formulada é para a indemnización do procedemento de nulidade de pleno dereito tramitado pola Xunta de Goberno Local, polo cal no seu momento procederase a fiscalizar a indemnización así como deberá analizarse a posíbel prescrición no seu caso».

No entanto, téndose celebrado o Pleno na data *ut supra* indicada non consta fiscalización algunha sobre a indemnización nen tampouco sobre a prescrición sen o cal entendemos que non pode adoptarse un acordo como o aditado coa suficiente información por parte dos membros do órgano colexiado.

#### 4º) FALTA DE DITAME DO CONSELLO CONSULTIVO DA GALIZA.

Se no seu día se recorreu ao Consello Consultivo para ratificar a nulidade das facturas **non entendemos como neste momento non se solicita novamente ditame ao Consello Consultivo da Galiza encamiñando expediente e proposta de resolución** que debería ser o acordado polo Pleno previamente ao SC 2/2018. Contrasta isto cun suposto informe que o alcalde tería demandado dos servizos xurídicos da Deputación de Lugo para darlle certa cobertura xurídica, segundo as súas palabras, e que nunca chegou ao órgano colexiado que adoptou o acordo.

Suficientemente elocuente e, de por si, suficiente para proceder á anulación destes SC, de conformidade co artigo 47.1.e) da *Lei 39/2015, de 1 de outubro*, ao que cómpre engadir o informe de 09/11/2016 do Consello Consultivo da Galiza de 2016 en que ratificaba a anulación de facturas contraídas prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. Entre outros trechos salientábeis do informe do Consello Consultivo cómpre pór en destaque que «do informe emitido polo interventor resulta que os contratos foron adxudicados con clara contravención do disposto na lexislación mencionada en canto á consignación e carencia de crédito, polo que se debe concluír que concorre a causa de nulidade establecida no artigo 32 c) do TRLCSP». E no parágrafo seguinte (páx. 8) especifica que o informe da Secretaría do Concello salienta que se «executaron traballos que configuran o contrato sen que se verificase o cumprimento dos requisitos formais que esixe a normativa contractual, polo que reconece que se omitiu dunha forma clara e manifesta, o procedemento legalmente exixíbel». Non procede, portanto, indemnizar as empresas polo total do valor das facturas sen subtraer o beneficio industrial e os xuros de demora que deberán abonar os responsábeis da contratación das facturas nulas de pleno dereito e nunca a Facenda local.

A maiores, cómpre deixar constancia de que as empresas envolvidas seguiron facturando para o concello durante este tempo, normalmente mediante a figura do contrato menor e sendo a contratación aprobada ou ben por decreto da alcaldía ou ben pola XGL. Sen pretendernos facer unha listaxe totalmente exhaustiva salientamos as seguintes contratacións:

Empresa	Órgano	Data	Cantidade
---------	--------	------	-----------



<b>Oviga</b>	Decreto 193/2016	13/09/2016	
<b>Oviga</b>	XGL	20/09/2016	130.420€
<b>Fevisa</b>	Decreto 194/2016	13/09/2016	
<b>Fevisa</b>	Decreto 210/2016	27/09/2016	87.120€
<b>Oviga</b>	XGL	02/11/2016	45.000€
<b>Oviga</b>	XGL	15/11/2016	31.000€
<b>Oviga</b>	XGL	15/11/2016	4.300€
<b>Fevisa</b>	XGL	05/06/2018	111.985,31€ (P.O. 454-610-00)
Exp. 204/2018 "Plano de mellora camiños municipais 2017-2018"			
<b>SUBTOTAL OVIGA</b>		<b>210.720€</b>	
<b>SUBTOTAL FEVISA</b>		<b>199.107,31€</b>	
<b>TOTAL</b>		<b>409.825,31€</b>	

#### 5º) INCUMPRIMENTOS E RESPONSABILIDADES.

Na Base de execución 22ª fálase da exixencia na súa epígrafe a) de que o «recoñecemento da obriga, mediante a explicación de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación irregular, motivando a necesidade de propoñer unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado, exclusivamente polo valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.» No entanto, non se explicaron os condicionantes nen se arbitrou calquera expediente de oficio que derima as responsabilidades tentando impor sobre a fecenda local a totalidade da indemnización sen nen sequera descontar o beneficio industrial incluído nas facturas das empresas agora indemnizadas. Porén, este feito grave e claro non xerou calquera reparo explícito no informe de intervención non existindo un informe de secretaría sobre este acordo, non sendo válido ao noso xuízo remeterse a informes anteriores toda vez facían referencia a un estadio do proceso previo á anulación das facturas e ao recoñecemento da nulidade de pleno dereito das mesmas ratificada polo Consello Consultivo da Galiza como ficou exposto nos antecedentes.

Por súa vez, a epígrafe b) explicita que é mester a «existencia de dotación orzamentaria específica, axeitada e suficiente para a imputación do respectivo gasto. A dotación orzamentaria, de existir no Orzamento vixente, no caso de tratarse de gastos de exercicios anteriores, deberá quedar acreditada a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin limitación ningunha para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguente aplicación orzamentaria. De non existir dotación orzamentaria no Orzamento vixente requirírase a súa habilitación mediante o oportuno expediente de modificación de créditos, que será previo ao acordo sobre recoñecemento

da obriga. As modificacións de créditos orzamentarios para habilitar partida axeitada e suficiente para a imputación do gasto deberán concretar de modo singular, específico e con todo detalle, o motivo, a natureza e o montante do referido gasto.» Desta arte, da liquidación de 2017 e do propio debate da CI previa ao Pleno e do debate do propio pleno fica claro que se vai superar o teito de gasto e que este acordo vai perxudicar gravemente o equilibrio orzamentar, para alén de non ser responsabilidade dos cidadáns indemnizar a empresas que contratan con representates públicas oralmente obras, contravindo todas as disposicións legais de aplicación e nomeadamente a LCSP, sendo totalmente imposíbel que OVIGA e FEVISA, que contrataron obras tamén coa Xunta e con outros Concellos, descoñezan os máis elementares preceptos básicos. O mesmo é aplicábel a representantes públicos ou funcionarios que totalizan máis de dúas décadas no cargo.

Por todo o exposto até aquí, reiteramos, como fixemos ao longo de todo o proceso, que **é importante que se abra unha comisión interna de investigación e se remita toda a documentación do proceso ao Consello Consultivo, o Consello de Contas e aínda á Fiscalía.** No actual contexto, non pode haber sombras nin espazos para a sospeita da xestión dos fondos e institucións públicas, sendo intolerábel **un uso discrecional e fóra de todo procedemento e control dos fondos públicos de todos os cidadáns como se a institución local fose un feudo particular sometido á lei privada (PRIVILEGIUM).**

A Disposición adicional decimonovena do *Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público* (TRLCSPP) dispón claramente que:

a responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares canto á propia Administración, esixírase con arranxo ao disposto no Título X da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e no Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

Na *Lei 30/1992* o artigo 141 establece o método da indemnización á Administración como método para resarcir os danos causados á facenda pública, así como o 142 enfoca a responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións:

- 1.- Os procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas iniciaranse de oficio ou por reclamación dos interesados.
- 2.- Os procedementos de responsabilidade patrimonial resolveranse (...) polos órganos correspondentes das Comunidades Autónomas ou das Entidades que integran a Administración Local (...).
3. Para a determinación da responsabilidade patrimonial establececese regulamentarmente un procedemento xeral coa inclusión dun procedemento abreviado para os supostos en que concorran as condicións previas no artigo 143 desta Lei. No procedemento xeral será preceptivo o ditame (...) do órgano consultivo da Comunidade Autónoma (...).

O artigo 145 da Lei 30/1992 indica que a administración após indemnizar aos lesionados, esixirá de oficio ao seu persoal e ás súas autoridades a responsabilidade en que incorreran por nixencia grave, previa instrución do procedemento que regulamentarmente se estableza (145.2.). Tamén se fixan os criterios que deben ponderarse: dano producido, intencionalidade, responsabilidade profesional e a súa relación co resultado producido. En 145.3) recóllese que «a Administración instruirá igual procedemento ás autoridades e demais persoal ao seu servizo polos danos e prexuízos causados nos seus bens ou dereitos».

Por tanto, a presente exposición deixa claro que hai unicamente unha vontade de “pasar páxina” desde a total opacidade, a falta de transparencia e eludindo calquera responsabilidade patrimonial na indemnización ás empresas, co conseguinte prexuízo para a Facenda Local, e con fundamentos como o informe do arquitecto municipal que son, como mínimo, altamente discutíbeis. Tamén se obvia o fraccionamento e abuso da figura do contrato menor cunha evidente finalidade de transgredir os constrinximentos legais, por exemplo os artigos 404<sup>19</sup> e 436 do Código Penal. Amais, existen numerosas irregularidades no proceso sobre as que debe pronunciarse a Consello de Contas de Galiza ou até a Fiscalía en canto o concello segue negando a maior.

\*\*\*\*\*

**SUPLICO**, que tendo por presentado este escrito, sexa admitido a trámite contra a aprobación do SC 2/2018 e no tocante aos restantes asuntos expostos *ut supra* conforme os fundamentos de dereito expostos. Admítase tamén que podemos estar perante un dos supostos do artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que configura como nulos de pleno dereito os actos ditados «prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados» e, xa que logo, é mester a depuración de responsabilidades por negligencia grave que atinxe á facenda pública local, a anulación de oficio do SC e a súa remisión ao Consello Consultivo da Galiza e ao Tribunal de Contas.

\*\*\*\*\*

---

19 Artigo 404 CP: «Á autoridade ou funcionario público que, sabendo da súa inxustiza, ditar unha resolución arbitraria nun asunto administrativo castigaráselle coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de nove a quince anos». En relación co anterior precepto pode pórse a xurisprudencia asentada polo Tribunal Supremo para os requisitos que definen o delito de prevaricación administrativa, por exemplo a STS de 14/11/2015 ou STS 30/07/2014.

Ao tempo **SOLICITAMOS:**

**1º) Que o Concello abra expediente de revisión de oficio dos expedientes** (art. 5 do RD 429/1993, de 26 e marzo) **para depurar todas responsabilidades asociadas á totalidade do proceso desde maio de 2015, de tal xeito que a Facenda local e a cidadanía non teña que asumir nin un euro que non lle corresponda e se aclare se existiron ou non indicios delitivos adoptando, se for o caso, as medidas que correspondan.** Probabelmente máis de 120.000€, 20 millóns das antigas pesetas en xuros e lucro que non se debe abonar nun acto nulo de pleno dereito, xa que a resolución adoptada causou un resultado materialmente inxusto, a adxudicación das obras “a dedo” sen posibilidade algunha de contrastar que a súa oferta fose a máis favorábel para os intereses xerais, importando pouco, por isto, que o contratista cobrara uns prezos de mercado e baratos. Máxime cando unha das disposicións do Plano de axuste refire claramente que debe escollerse a mellor oferta e aínda facer estudos de viabilidade e custo (falta un para o primeiro).

Na propia Lei de Contratos, a disposición adicional décimo novena do TRLCSP declara que a infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na presente Lei por parte do persoal ao servizo das Administracións Públicas, cando mediar ao menos negligencia grave, constituirá falta moi grave cuxa responsabilidade disciplinaria se esixirá conforme a normativa específica na materia. Por outro lado, a *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno*, establece que constitúe infracción moi grave en materia de xestión económico-orzamentar, os compromisos de gastos sen crédito suficiente para realizalos e sanciónao coa inhabilitación para ocupar cargo público durante un período de entre cinco e dez anos e a obriga de restituír as cantidades satisfeitas indebidamente.

**2º) Contratar unha peritaxe independente para a taxación das obras sen partir das facturas directas emitidas polas empresas e feito sobre o terreo con acta notarial** retrotraendo novamente o expediente ao punto inicial indicando o lugar, actas de replaneamento previo e de comprobación do replaneamento, autorizacións sectoriais requeridas de ser o caso, etc.. Unha cuestión tan grave e delicada non se pode facer unilateralmente precisamente por quen é responsábel desta situación e dadas as sospeitas lóxicas que se desprenden das actuacións até agora desenvolvidas polo Concello.

**3º) Que a indemnización propriamente dita** (lucro das facturas directas, xuros de demora... e calquera outra indemnización) **sexa** proposta en expediente de oficio polo propio concello e **asumida patrimonialmente polos responsábeis e non polas arcas públicas** sen prexuízo das

actuacións legais que lle corresponden a xustiza para apreciar se no proceso existen faltas ou delitos que deban sancionarse alén do pecuniario (artigo 145.5 da Lei 30/1992).

**4º) Que se remita a totalidade da documentación asociada ao proceso ao Consello de Contas de Galiza con proposta de resolución**, como este grupo xa solicitou no seu día, e entregando copia dixital e física de todo o remitido á totalidade dos concelleiros da Corporación no mesmo día do seu envío. De modo especial, deberase solicitar a dito organismo, para alén das consideracións que desexe facer, se pronuncie sobre o conxunto do proceso, o novo expediente en marcha, a responsabilidades xurídicas e patrimoniais dos diversos actores involucrados no proceso, legalidade e/ou pertinencia do fraccionamento en contrato menor das actuacións anuladas e consecuencias, as contratacións feitas nos últimos tempos coas empresas involucradas e calquera outra cuestión que o Consello de Contas considere relevante para solventar a indemnización e/ou depurar responsabilidades xurídicas.

**5º) Que se emita informe xurídico desde a secretaría do concello valorando a totalidade dos aspectos presentes neste proceso**, especialmente:

- os requisitos de contratación e a súa vulneración no expediente dos máis de 600.000€ anulados polo propio concello, así como sobre os aspectos irregulares ou de dubidosa legalidade que se desenvolveron, a xuízo da secretaria municipal, ao longo do proceso;
- o informe técnico en que se basean as novas modificacións de crédito que taxa as obras nun valor superior ás propias empresas e na necesidade de subtraer da indemnización o beneficio industrial asociado a toda factura directa que deberían, en todo caso, abonar os responsábeis de proceder sen seguir o procedemento e a lexislación vixente;
- o carácter de obra menor ou maior da actuación;
- a posibilidade de destinar o remanente de tesouraría ao pago destas indemnizacións no cadro da facenda local en 2018 sometida a un Plano de axuste e desprendéndose dos informes dos que dispomos que irá xerar incumprir a regra de gasto e o teito de gasto, incumprindo así o fixado pola *Lei de estabilidade orzamentar*.

**6º) Que se pronuncien os informes previamente citados sobre a existencia ou indicios de existencia de calquera delito, incluído a posíbel existencia dun delito de abuso de poder ou prevaricación administrativa** que, segundo a STS 600/2014 do 3 de setembro, é o negativo do deber que se impón aos poderes públicos de actuaren conforme á Constitución e o ordenamento xurídico.

Non é un aspecto menor ao entendermos que é a negación do propio Estado de Dereito e nada lesiona máis a confianza dos cidadáns nas súas institucións que ver convertidos os seus representantes públicos nos vulneradores da legalidade da que eles deberían ser os primeiros custodios.

A arbitrariedade, como sinala a STS 743/2013, de 11 de outubro, aparece cando a resolución, en tanto en canto manifesta a súa contradición do Dereito, non é sustentábel mediante ningún método aceptábel de interpretación da lei, ou cando falta unha fundamentación xurídica razoábel distinta da vontade do seu autor, convertida irrazoabelmente en aparente fonte de normatividade, ou cando a resolución adoptada –do punto de vista obxectivo– apreciamos non resulta cuberta por ningunha interpretación da lei baseada no canon interpretativo admitido.

Igualmente, a “urxencia” do alcalde motivou inicialmente a decisión, e parece marcar agora novamente o proceso, adxudicando as obras de mantemento das pistas, cunha vulneración absoluta do procedemento previsto para a contratación, e a adxudicación tal e como recoñeceu o propio Concello e, xa que logo, burlando totalmente os controis previstos para optimizar o gasto dos fondos públicos.

7º) Que se emita **Fiscalización da intervención sobre a indemnización** e a prescrición.

**8º) Que para xa se paralice o proceso até o pronunciamento do Consello Consultivo e do Consello de Contas, remitindo tamén toda a documentación, incluída a presente alegación, á Fiscalía da Galiza para que se determinen se, á vista das probas documentais e de calquera antecedente ou nova pesquisa que desexen realizar, poden existir indicios de fraude e prevaricación ao longo do proceso e as responsabilidades penais, se for o caso, derivadas, xa que logo, deses indicios.**

O **art. 436 CP** contempla dúas modalidades delitivas: a fraude por concerto e a fraude por artificio. A STS de 24 de novembro de 2015 determina que «a fraude, que consiste nun concerto da autoridade ou funcionario cos interesados ou no uso de calquera outro artificio para defraudar a un ente público, constitúe ordinariamente un medio ou instrumento para a malversación, polo que a súa relación punitiva é a de concurso medial. Se non chega a consumar a malversación de caudais públicos, sancionárase exclusivamente a fraude. Se se consuma a malversación a través da fraude, sancionáranse ambos en concurso medial».

Por outras palabras, non só o ente local senón as propias empresas Oviga e Fevisa deberían comparecer no proceso penal, se se constataren indicios delitivos de fraude por concerto, en boa parte tamén porque coñecen o proceso de concurso público como teñen demostrado antes e despois dos feitos aquí analizados debendo ser por iso informadas do estado actual da cuestión para que

determinen que decisións tomar para defender o seu dereito a seren indemnizadas; e só o alcalde, o interventor na altura e o arquitecto municipal por fraude de artificio consistente, ao entender dos reclamantes, no fraccionamento en obras menores do que debera ser un contrato maior.

Ao respecto queremos subliñar a recente xurisprudencia ao respecto como a **SAP Cáceres 27/05/2015** que nun caso análogo ao presente declarou que:

o delito de fraude non é un delito de resultado, e non exige por tanto que realmente se cause un perxuízo económico ou doutra natureza á Administración, pois consúmase co simples concerto entre a autoridade ou funcionario e o interesado no contrato coa finalidade defraudatoria; e finalidade defraudatoria haina sempre que, con iso, se trate de eludir a libre concorrencia de aspirantes a un contrato de obras, pois cando existe esa concorrencia o contrato adxudícase ao aspirante que apresenta a mellor oferta, ben económica se se trataba de subasta, ou ben a máis vantaxosa en relación coas bases da convocatoria se se trataba de concurso (art. 74 RDL 272000; conceptos que na Lei 30/2007 se funden no da “oferta economicamente máis vantaxosa”), e se se elude esa libre concorrencia a administración perde esa posibilidade de obter a vantaxa económica inherente aos procedementos de adxudicación dos contratos maiores (...).

Por se fora pouco o anteriormente exposto, o subscribinte entende que a este prexuízo engádese un outro, a saber: a ausencia dun estudo económico previo á obra de carácter obxectivo, elaborado polos técnicos municipais, que sirva de base para a valoración da obra. Lonxe diso este emítese pasado máis dun ano dos feitos e para xustificar torticeiramente a valoración feita pola empresa mediante as facturas directas. Na obra que nos ocupa (o denominado como “Plano de emerxencia municipal” no informe da intervención no seu momento) non constan tales estudos senón unicamente as facturas emitidas no seu día por Fevisa e Oviga, polo que realmente non era posíbel afirmar se a valoración e ulterior facturación da obra se facía conforme a prezos reais ou de mercado ou se, pola contra, se facturaba en demasía co conseguinte prexuízo económico para as arcas municipais e o correlativo beneficio económico inxustificado para o contratista.

Ao respecto dicir tamén, conclusivamente, que non compartimos en absoluto os datos achegados no informe do arquitecto cuxa única vontade é xustificar unha operación que entendemos que nos supostos como o que nos ocupa, nos que se elude a publicidade e a concorrencia para adxudicar o que realmente é un contrato maior a un determinado contratista, a fraude á Administración sempre existe, pois, no mínimo, privouse da posibilidade de que a obra se adxudicara á oferta máis vantaxosa e por iso, como indicamos no fundamento xurídico precedente, non é preciso indagar sobre a existencia dun prexuízo real e economicamente cuantificábel no que concirne a apreciar o delito da fraude.

Dada a pasividade do Goberno e, nomeadamente, o alcalde na forma de proceder unilateral, opaca e até vulnerando o Dereito vixente parece, infelizmente, que a vía política fica esgotada,



aínda que sirva o presente documento para dar testemuño que o noso grupo explorou esta vía até o final.

Asinado en Chantada no Día nacional da Galiza, 25 de xullo de 2018.

Antom Fente Parada

Voceiro do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.